



ADOS CHAMA Á DOAR SANGUE Á CIDADANÍA CO GALLO DA PONTE FESTIVA DO 25 DE XULLO E RECALCA A IMPORTANCIA DE INCREMENTAR AS DOAZÓNS DO GRUPO CERO NEGATIVO

- ***A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue indica que é preciso aumentar o número de doazóns de sangue durante o verán, especialmente nas xornadas anteriores ás operacións de tráfico de entrada e saída de vacacións***

Santiago, 24 de xullo de 2019.- A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS), fai un chamamento xeneralizado a participación de toda cidadanía na campaña de doazón de sangue “Verán 2019” e, moi especialmente, ao grupo Cero Negativo, popularmente coñecido como doador universal. ADOS lembra que as datas inmediatamente anteriores a pontes festivas, como a de 25 de xullo, e a coincidencia das operacións de tráfico de entrada e saída de vacacións, fan preciso aumentar a participación dos cidadáns nas campañas de doazón de sangue.

ADOS lembra que, mensualmente, os nosos hospitais precisan ao redor de 10.000 doazóns de sangue, cifra que non diminúe no verán. Pola contra, o período estival ofrece dificultades engadidas ao desenvolvemento das campañas de doazón por parte da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue, especialmente, pola deslocalización, por mor das vacacións, dos doadores e doadoras.

A dirección da Axencia convida ás galegas e galegos a continuar amosando a súa xenerosidade e solidariedade e, aínda que nestes días precisase aumentar o número de doazóns de todos os grupos sanguíneos, con especial mención, ao Cero Negativo.

Facilitar a participación

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue agarda, novamente, contar coa positiva resposta dos cidadáns ao seu chamamento solidario e, para iso, ofrecerá as máximas facilidades para doar, mediante o desprazamento de dez unidades móbiles que efectuarán as seguintes visitas:

DATA	CONCELLOS
Mércores 24 de xullo	Arzúa, Cantón -Obelisco e Praza das Conchiñas (A Coruña), Ortigueira, Padrón Casalonga e Pontevea (Teo), Sarria, Allariz, Pontearreas e Porriño
Venres 26 de xullo	Ares, Cee, Zona Monte Alto (A Coruña), Rianxo, Bembibre (Val do Dubra), Chantada, O Barco de Valdeorras, A Estrada, Gondomar e Redondela
Sábado 2 de xullo	Ares, Cee, Rianxo, Chantada, A Estrada e Redondela.

Ademais, tamén existe a posibilidade de doar sangue nos locais de doazón existentes nas sete grandes cidades galegas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

LUGAR	HORARIO
COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO (Santiago)	Luns a venres das 8.00 ás 22.00 horas Sábados das 8.00 ás 15.00 horas
COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DA CORUÑA (A Coruña)	Luns a venres das 8.00 ás 22.00 horas Sábados das 8.00 ás 15.00 horas
HOSPITAL ARQUITECTO MARCIDE (Ferrol)	Luns e venres das 8.00 ás 22.00 horas Martes, mércores e xoves das 15.00 ás 22.00 horas
HOSPITAL LUCUS AUGUSTI (Lugo)	Luns e venres das 8.00 ás 22.00 horas Martes, mércores e xoves das 08.00 ás 15.00 horas
COMPLEXO HOSPITALARIO DE OURENSE (Ourense)	Luns a venres das 08.00 ás 15.00 horas
HOSPITAL PROVINCIAL (Pontevedra)	Luns a venres das 08.00 ás 15.00 horas
HOSPITAL NICOLÁS PEÑA (Vigo)	Luns a venres das 8.00 ás 22.00 horas Sábados das 8.00 ás 15.00 horas

Doar: moi sinxelo

Pode doar sangue calquera persoa de máis de 18 anos, que pese máis de 50 quilos e que non padeza nin teña padecido enfermidades transmisibles polo sangue (VIH, hepatitis B ou C,...). A doazón de sangue é un acto sinxelo que permite a moitas persoas solucionar o seu problema de saúde e, mesmo, salvar a súa vida.

Para máis información, a Axencia de Doazón de Órganos e Sangue dispón da páxina web: ados.sergas.gal, ás páxinas de ADOS en redes sociais e tamén é posible chamar ao teléfono gratuito para resolver calquera dúbida relacionada coa doazón de sangue ou coñecer a data dos desprazamentos das unidades móbiles: **900 100 828**

SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE